

REFERENCIAS CLÁSICAS EN *QUEIXUMES DOS PINOS* DE EDUARDO PONDAL

M^a MARTA GONZÁLEZ LOUZA

INTRODUCCIÓN

Cando nos achegamos á literatura do Rexurdimento galego, tres son os nomes que neste período literario sobresaen pola calidade da súa obra e sobre todo pola repercusión posterior para as Letras Galegas.

Estámonos a referir a Rosalía de Castro, a cantora de e para Galicia; ó enxeñoso e comprometido Curros Henriques; e ó que poderíamos atilar de culto poeta, Eduardo María Pondal e Abente.

Non se trata neste traballo de comparar estas tres figuras e moito menos dun estudio de cada un delas, pero si quixeramos salienta-la marcada diferenza deste último con respecto ós dous primeiros. Valla de paso como xustificación para o tema deste artigo.

Como o seu propio nome indica, o Rexurdimento vén despois dun longo período marcado pola inexistencia de literatura. Son os chamados Séculos Escuros; concretamente tres séculos nos que a produción literaria en Galicia se limita a un par de sonetos renacentistas e outros tanto de corte barroco; o resto das manifestacións literarias insírense no campo da literatura popular.

Tendo esta situación por base e descoñecendo por completo o pasado esplendoroso da literatura medieval, difícil se lles planeaba a recuperación literaria e lingüística a estes tres poetas. É por iso que, cada quen optou por un camiño distinto para a restauración da mesma, e a verdade é que dabondo diferentes entre si.

Rosalía entendeu que a poesía popular e a intimista eran as dúas directrices ás que mellor se axeitaban os tempos, as necesidades e tamén a lingua na que ía escribi-los seus versos.

Curros pensou que a dura situación que estaba a atravesar Galicia por aquel entón, ben merecía se-la principal protagonista dos seus poemas; versos para a denuncia social, política e para a reivindicación cultural de Galicia.

Sen embargo, Eduardo Pondal non considerou nin que o galego só era axeitado para a poesía intimista, nin que había que centrarse soamente na época que lles tocou vivir; considerou que para resolver esta etapa era necesario rescata-los tempos pasados.

O poeta de Ponteceso quixo ir máis aló, bastantes anos atrás, tantos que na maioría dos seus poemas os protagonistas son os heroes celtas, nos que deita a nosa paternidade. El interesouse polo raizame galego, polos nosos antepasados e todo isto levouno á súa poesía envolto dun sentimento de morriña cara eses tempos, apelando en todo momento á necesidade de volver a eles para mellora-la Galicia actual. Este é o aspecto coñecido como o celtismo da obra pondaliana. Ademais concibía ó poeta -a semellanza dos bardos celtas- como o liberador e salvador da patria galega. É nesta liña de salvamento, cando acode ós fortes e valorosos guerreiros, heroes e personaxes mitolóxicos do mundo clásico para presentármolos como guía e exemplo.

EDUARDO PONDAL ABENTE. PEQUENOS APORTES BIOGRÁFICOS.

Aínda que non é o noso obxectivo afondar na biografía deste bardo decimonónico, si que queremos entresacar aqueles datos que nos permitan entender mellor a singularidade da súa obra e en concreto, os que inflúen de maneira directa sobre os aspectos que aquí trataremos.

Primeiro, apuntar que Eduardo Pondal procede dunha familia de fidalgos galegos que emigraron a Bos Aires e de onde volveron ricos aló polo ano 1820. As condicións da vida aristocrática nas que naceu influirán notoriamente na súa poesía, ademais do consecuente desafogo económico que lle permitirá certos privilexios; de feito, logo de estudia-lo bacharelato por letras en Santiago de Compostela cursará medicina na Universidade desta mesma cidade. Rematados estes estudos ingresa como médico na Armada española na cidade de Ferrol no ano 1859. Tres anos máis tarde vai a Madrid onde oposita para médico da Sanidade Militar. Serán tan só 18 días os que Pondal exerza como médico na Fábrica de Armas de Trubia. Despois dun breve permiso decide non volver ó traballo, polo que será dado de baixa no destino e posteriormente no Corpo. Aquí remata a vida laboral de Eduardo Pondal –tiña vintenove anos- e ata os oitenta e dous cos que contaba cando morreu, dedicárase única e exclusivamente ó cultivo da poesía¹.

A súa formación clásica

Que os seus pais contasen cunha vasta biblioteca á que dende ben novo tivo acceso, que para este home de letras a perfección á que constantemente sometía a súa obra trocábase

1. Á idade de vinteseite anos aparece o seu primeiro poema publicado no *Álbum de la Caridad* (1862); se deixamos á parte algunhas colaboracións poéticas en distintos medios xornalísticos da época e algúns poemas e folletos soltos e o inacabado poema épico *Os Eoas*, no que pasou traballando toda a súa vida, Eduardo Pondal só publicará ó longo de toda a súa vida dúas obras: *Rumores de los Pinos* (1877), e *Queixumes dos pinos* (1886), que é unha reelaboración e superación do primeiro. Polo tanto pódese concluír que non é unha obra demasiado cuantiosa despois de terse adicado de xeito exclusivo a ela.

nunha verdadeira obsesión e que, aínda que a penas viaxou², si estivese moi en contacto coa elite literaria galega do momento³ explica en boa medida a elevada calidade da súa obra.

Polo propio Eduardo Pondal sabemos dos seus adolescentes contactos co latín por medio dun poema que comeza con estes dous versos :

*Cando eu era inda rapaz
e a Quinto Curcio estudiaba...⁴*

Sabemos do puño dos seus biógrafos que Eduardo Pondal estudou ós clásicos polo menos dende o inicio do bacharelato e que no ano 1853 solicita ser admitido como alumno en lingua grega, na que obtén a cualificación de “sobresainte”⁵.

O escritor e crítico literario Fermín Bouza Brey⁶ sostén que na Sociedade Económica de Amigos del País, de Santiago de Compostela, viu apuntamentos de Eduardo Pondal en grego clásico con sentencias de filósofos gregos. O mesmo estudioso afirma que Pondal coñecía a Homero, en edicións orixinais con traducións francesas e a Tucídes e Plutarco por traducións italianas.

Outro dos grandes investigadores da vida e obra pondaliana, Ricardo Carvalho Calero⁷, asegura ter visto, nunha das súas visitas á casa de Parga de Pondal, entre outros libros, a *Iliade d'Homère* par Dugas Montbel, a *Historie des Grecs*, par Victor Duruy e *Platonis opera*.

ENTRONCAMENTO DA ANTROPONIMIA E TOPONIMIA CLÁSICA EN *QUEIXUMES DOS PINOS*.

Con este traballo non só pretendemos facer unha relación das referencias ó mundo clásico que aparecen na obra pondaliana *Queixumes dos pinos*⁸, senón que queremos analizar cómo encaixan, topónimos e antropónimos grecolatinos, no contexto ideolóxico da súa poética.

2. Resulta insólito que un home de elevada cultura humanística e con fortes anceios culturais, con suficientes recursos económicos e sendo galego -que de por si soe ser moi viaxeiro- Pondal non viaxase a outros países e se relacionase cos círculos culturais da época. Só saíu de Galicia para ir unha vez a Madrid e outra a Trubia (Asturias), e dentro da propia Galicia só estivo en Santiago e na Coruña; o resto da súa vida pasouna no seu Ponteceso, un poboíño de Carballo na costa da Coruña.

3. Pondal era membro da Cova Céltica. Así se fixeron chamar un grupo de intelectuais que se reunían na librería “La Regional” propiedade de Carré Aldao, na cidade da Coruña. Estaba presidida por Manuel Murguía e composta por outros contemporáneos como Martínez Salazar, Florencio Vaamonde, Martelo Paumán, Lúgrís Freire. Ademais era moi amigo de outros poetas como Aguirre, quen tentou de arrastralo cara a política, aínda que só conseguirá que Pondal participe nun par de actos desta tendencia; tamén trabou amizade con Rosalía de Castro.

4. Ricardo Carvalho Calero, *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Pontevedra, 1961, p. 158.

5. Ricardo Carvalho Calero, *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1989, p. 183.

6. Fermín Bouza Brey, A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade dunha revisión dos seus Queixumes, *A Nosa Terra*, ano IX, nº 208, 209, 210, 1925.

7. *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. Op. cit., pp. 183-184.

8. Eduardo Pondal, *Poesía*. (Estudio, cronoloxía e bibliografía por Xesús Rábade Paredes), A Coruña, Xuntanza Editorial, 1990. De aquí en adiante citamos por esta edición.

Pondal asistía regularmente ás tertulias político-literarias da Cova Céltica⁹. Foi aí, e sobre todo baixo a influencia de Murguía, de onde arrancará coa idea dun pasado céltico para Galicia. Cre que as verdadeiras raíces étnicas galegas están nos celtas que pasaron por Galicia¹⁰.

Tamén sabemos que por estas mesma época caeu nas mans de Pondal o *Leabhar Ghabhla*, un manuscrito anónimo do século XII, escrito en lingua celta, no que se narra a historia primitiva de Irlanda e os distintos pobos invasores que a poboaron ata a chegada de Breogán¹¹, que procedía de Galicia. Este será un dos heroes da épica pondaliana.

Levado do afervoamento polo celtismo, Pondal leu tamén *Fragments of ancient poetry collected in the highlands of Scotland and translated from the Galic or Erse language* de James Macpherson¹², publicado en 1760. O bardo que protagonizaba estes versos servirá tamén de guía a Pondal.

Da conxunción do **celtismo** e do **ossianismo** deriva a concepción de bardo, glorificado e concibido coma un ser superior, que Pondal nos transmite nos seus versos. De feito, el séntese bardo; o bardo que ten de salvar ó pobo galego. Concienciado e responsable da raza, a misión do poeta é a de salvar ó seu pobo e para iso si é necesario incluso aturalo desprezo do pobo chan, as banais cousas da vida ou os sentimentos que el considera máis débiles.

Isto vézmozo reflectido nos versos do segundo poema que compón esta obra, “E pois eu aborrezoo”¹³

*E pois eu aborrezoo
os vulgares propósitos;
e o fin do meu traballo
certo, é non remoto;
(...)
deixar de min sequera
un radioso lóstrego;
e morrer con honor como morrera
Brásidas Valeroso.
Certo eu non me resigno
morrer cual case todos,
(...)*

9. Vid. Nota 3.

10. Ó longo do Século das Luces en Francia debatiuse moito a herdanza da cultura romana ou da que deixara o sustrato máis antigo dos vellos celtas colonizados. Esta controversia chegou a Galicia a primeiros do século XIX a través de Vereá e Aguiar, un dos primeiros historiadores de Galicia.

11. Polas sagas irlandesas sábese que os descendentes de Fenius poboaran España antes de se instalaren en Irlanda, e un dos seus xefes, Breogán, someteu en numerosas ocasións ás tribus de España e finalmente fundou unha cidade chamada Brigantia, e fronte á cidade ergueu unha torre, que é a torre de Breogán.

12. Este poeta escocés aseguraba ter rescatado uns poemas dun antigo bardo céltico, de nome Ossian, que traducira directamente do texto gaélico. Tivo unha acollida espectacular en toda a Europa prerromántica e foi lido pola maioría dos grandes mestres do Romanticismo en Europa. Hoxe sábese que non hai tal bardo do século III, que o propio Macpherson, os inventou, iso si, probablemente baseado na materia poética da tradición oral escocesa.

13. *Op. cit.*, p. 42.

*eu procurar quixera
máis erguidos propósitos,
(...)
en pro dalgunha cousa
que honrara os fastos nosos;
e morrer con honor como morrera
Brásidas Valeroso.*

*Non, non está nos brandos
regalos ociosos
nin nas cousas muliebres,
nin nos afectos mórbidos
(...)
mais soo nas cousas fortes
e nos férreos propósitos
e en caer con fragor, como caera
Brásidas Valeroso.*

Deterémonos especialmente neste poema porque, ademais de se concentraren nel os máximos expoñentes da poesía pondaliana, veremos como reiteradamente van se-lo soporte da maioría das referencias ó mundo clásico nos sucesivos poemas seleccionados.

Ademais de aparece-lo concepto de bardo descritos liñas arriba, preséntano-lo mundo tal como el o entende. Lembremos unhas palabras que o historiador literario Ramón Piñeiro escribe a propósito disto: "... todo el tono solemne, acompasado, grave, de la poesía de Pondal, revela una concepción aristocrática del mundo"¹⁴.

Pondal deixa claramente expreso neste poema o anhelos de fama póstuma. Da súa fama, pero non da súa fama como un individuo máis do seu tempo, senón como o salvador do seu pobo, un pobo que tivo un pasado glorioso e ó que debe volver. Esta preocupación pola fama póstuma que se reiterará continuamente nos versos pondalianos constitúe unha das primeiras pegadas clásicas que rescata de Homero, concretamente da *Iliada*, onde como sabemos o seu heroe principal, Aquiles, ten que decidir entre morrer novo e coa respectiva gloria heroica ou vivir unha longa existencia. Aquiles decide comportarse coma un verdadeiro guerreiro, coma un heroe e morrer pola súa patria.

Tamén na literatura latina aparece a idea do sacrificio pola patria, como sabemos polo coñecido verso horaciano:

"Dulce et decorum est pro patria mori" (Horacio, *Carm.* III 2, 13)

Despréndese tamén destes versos unha concepción aristocrática na que el mesmo se sitúa. Neste aristocraticismo, ademais dun claro influxo ossiánico, volvemos achar outra pegada clásica implícita; trátase do mesmo posicionamento que tiña o aedo homérico, cantando para a nobreza xónica ou para os príncipes, tal como o fixeron Virxilio ou o italiano Tasso –outros

14. Ricardo Carballo Calero, *Historia de la literatura contemporánea*, Vigo, Ed. Galaxia, 1975. p.275.

dous autores moi lidos por Ponal na súa xuventude-. Tamén Tirteo, outra importante influencia no noso poeta, foi servidor dunha aristocracia dos espartistas.

¿Como cre Ponal que se poden levar a cabo todos estes ideais? Sendo fortes, con “propósitos férreos” e non deixándose levar por “cousas muliebres”¹⁵ ou “afectos mórbidos” e para exemplificalo, elixiu a un dos máis distinguidos xenerais espartanos, Brásidas, ó que cualifica de “valeroso”. Cualificativo que acadou loitando contra os atenienses na guerra do Peloponeso; logo tomando parte no intento espartano de botar a estes de Pilos no ano 425 a. C. e que culminaría coas grandes fazañas que protagonizou en Tracia conquistando importantes cidades aliadas de Atenas, entre elas Anfípolis e Torona. Finalmente levantará as cidades da Calcídica, chegando ata Macedonia.

Foi deste xeito, acaparando fama e coroándose de éxitos cando morreu no ano 422 a. C. loitando contra Cleón; non sen antes derrota-las tropas deste, quen tamén morrería na mesma batalla.

No seguinte poema “Morrer en brando leito”¹⁶, acode unha vez vez máis ó contraste entre as accións propias dos febles -que non levan a nada máis que á baixeza- e os actos sublimes, exclusivos dos fortes de espírito, que son capaces de deixar perpetuada a gloria póstuma.

*Morrer en brando leito
entre molentes brondas,
rodeado de amigos
que o pracer nos recordan;
de tímidas doncellas,
imbeles e chorosas,
(...)
certo, é desaparecer cal virxen tímida,
brandamente e sin gloria.
¡Oh! ¡Quen morrer poidera
coma o forte Leónidas,
envolto en duro ferro,
noutras rudas Thermópilas!
por unha patria escura
de escravos e ilotas,
¡e deixar, cal cometas,
longo rastro de gloria! (vv.1-20)*

Ponal une neste poema antroponimia e toponimia grega unha vez máis co mesmo fin: resalta-la fama póstuma, acadada pola valentía, esforzo e fazañas; neste caso as do rei espartano Leónidas cando no século IV a. C. (ano 480) as Termópilas¹⁷ foron o escenario dos

15. Do concepto que Ponal ten sobre a muller e do papel que esta xoga na súa obra falaremos máis adiante.

16. *Op. cit.*, p. 48.

17. As Termópilas, tamén chamadas Pilas, son o paso estreito que comunica Grecia co norte. entre Tesalia e Lócride. Ó longo da historia foron escenario de loitas entre focéos e tesalios; entre persas e gregos no ano 480 a. C. (Cf. As guerras médicas); e no 279 a. C. os galos flanquearon ós etolios; un século despois Catón e os romanos enfrontáranse a Antíoco III de Siria.

enfrentamentos entre gregos e persas. Nestas lides foi onde acadou un honor e culto posterior considerables este rei, no seu esforzo e empeño por defende-las Termópilas fronte ó avance do exército de Xerxes. Enfrentamento no cal perderá a vida despois de causar importantes perdas ó bando inimigo.

Mesma intención e paralelo proceso emprega no poema “Cal caera o radiante”¹⁸, só que neste caso somérxenos na mitoloxía grega, cun dos fillos de Pántoo e sitúanos xeograficamente en Símois, rexión de Asia Menor, preto de Troia, así chamada polo río homónimo.

É moi probable que esta referencia a teña tomada da *Iliada*, xa que na obra horaciana Pántoo aparece como un dos anciáns troianos compañeiros de Príamo, natural de Delfos e consagrado ó culto de Apolo. Cando se tomou Troia por primeira vez, Príamo enviou unha embaixada para consulta-lo oráculo délfico, e á volta trouxeron consigo a Pántoo co fin de que mantivese relacións con Delfos, aínda que ó final unírase con Frontis, coa cal tivo tres fillos: Hiperenor, Euforbo e Polidamante.

Polo mesmo, supoñemos que o fillo ó que aquí se refire é a Euforbo, valente guerreiro troiano que foi o primeiro en ferir a Patroclo, o inseparable amigo de Aquiles, e ante a morte do cal se produce unha afervoadada guerra entre gregos e troianos. Euforbo morreu a mans de Menelao, fillo do rei de Micenas. A súa heroicidade transcendeu de tal xeito que se conta que Pitágoras pretendía ter sido nunha vida anterior o heroe Euforbo.

*Cal caera o radiante
e valeroso fillo de Panthoo
(...)
en donde o craro Símois
corre, nobre e veloz,
(...)
e morrendo, de si rastro sublime
o famoso deixou: (vv.1-14)*

No poema “Sin caber nos pelexos”¹⁹, volve a reincidir na mesma idea de grandeza e distinción con respecto ós demais seres mortais, pero coa diferenza de que aquí é o propio poeta o que –falsa e ironicamente -se deixa situarse no lado dos fracos.

*mui cheo de si mesmo
pasara, e con fachenda
miroume e fuise rindo.
(...)
cheo dun estro homérico
iba para si decindo:
-“Certo, este é dos pequenos,
bafúas e cativos;*

18. *Op. cit.*, p. 150.

19. *Op. cit.*, p. 146.

*e, como os poucos que no mundo somos,
non era dos distintos”.*

*Mentres eu con espanto,
pró meu capote digo:
-“Certo, este home é dos grandes,
que atopa o mundo exíguo;
se é certo que transmigra
no mundo o noso espírito,
debe ser o mesmo Epaminondas
ou o forte Anaxibios”. (vv.2-20)*

Seguindo o mesmo procedemento que nos anteriores e para exemplifica-la fortaleza e a grandeza de accións e de espírito acode a outros valentes personaxes da Grecia clásica; neste caso son dous xenerais, un espartano, Anaxibio, e o outro tebano, Epaminondas. Este último destacou particularmente polas calidades que demostrou nas contendas entre Atenas e Tebas, conseguindo a supremacía de Esparta sobre Grecia, alá polo ano 371. Así mesmo as súas dotes víronse dobremente reforzadas coa súa axuda ós arcadios para liberarse do control espartano, conseguindo tamén a independencia de Mesenia.

Nestoutro poema, “Quen brando vexeta”²⁰, que presenta similar estrutura e mesmo contido ideolóxico aparecen as únicas referencias á Grecia moderna.

*os rudos empeños
do grego Canaris;
os soños ousados
e boos ideales
de Parnell e Ocónel
e Marco Botzaris;
entonces, o home
que ó seu lado pase
dirá, con acento
de quen pensar sabe:
-“Certo, este é dos fortes
que nobres combaten,
e leva gravado
na testa radiante,
cal fero lostrego, grandioso e sublime,
o selo dos grandes”. (vv. 31-46).*

Kanaris e Marco Botzaris, heroes da independencia grega contra os turcos, son os elixidos para testemuñar cos seus éxitos as proezas que Pondal lle asigna ós grandes.

20. *Op. cit.*, p. 155-156.

O primeiro, un estadista que naceu no ano 1790 e morreu no ano 1877. Foi varias veces ministro. Pero pasará á historia polas súas fazañas nas loitas contra Turquía. Tivo unha destacada intervención na batalla de Téredes e finalmente derrotaría ós turcos na batalla naval de Duis, no ano 1822.

O segundo, Botzaris, viviu dende 1788 a 1823. No ano 1820 iniciou tamén un levantamento contra os turcos, foi asediado en Missolonghi e logo dunha heroica defensa, morrería nunha saída ó campo inimigo.

Outro aspecto non menos acusado da poesía pondaliana é o carácter **cívico** que se desprende dos seus versos. Neste senso Pondal non é un seguidor incondicional de Macpherson, quen cultivou basicamente unha poesía heroica. Como vimos apuntando, Eduardo Pondal é consciente dun pasado para o pobo galego que el cualifica de glorioso; pero o que lle interesa non é enxalza-las proezas e fazañas que naquela época se acometeron, o que pretende é que se coñeza e divulgue a existencia dese pasado para que sobre a súa base se poida reconstruír un futuro digno.

Nos primeiros versos do poema “Fora abondo co oprobio pasado”²¹, dá conta desa necesidade de cambio e de recuperación para a patria galega, que neste caso compara con Mesenia, a rexión suroccidental do Peloponeso, que logo da primeira e da segunda Guerras Mesenias contra Esparta (séculos VIII e VII) os seus habitantes someteron o país e reduciron ós mesenios á condición de ilotas. Será no ano 369 a. C. cando consigan a independencia da man de Epaminondas.

*Fora abondo co oprobio pasado
dun brando servir,
madre escura de escuros ilotas,
Mesenia infeliz. (vv. 1-4)*

Nos seguintes versos do mesmo poema tenta concienciar ó pobo galego da súa condición de servilismo. Para tales efectos bota man da mitoloxía grega conseguindo situarse nun mesmo nivel de funcionalismo a Pitia délfica e o poeta. O cometido que tiña a Pitia como intermediaria e profetisa para o pobo de Apolo é o que Pondal se propón para o pobo galego.

*A Pitia convulsa
(...)
o oráculo dixo:
-quen serve, ese é vil.
(...)
cingue o peito de esforzo e de ferro,
Spartaco cho di; (vv. 5-12).*

Non é suficiente coa concienciación do pobo, senón que o exemplifica coas fazañas doutro dos grandes heroes clásicos. Non deixa de ser tamén moi significativa a oposición que

21. *Op. cit.*, p. 147.

consegue o autor destes versos ó ser en Espartaco en quen simbolice a valentía e a rudeza, xa que este gladiador era escravo de Tracia. Entón permítelle desenvolver na súa persoa a superación da escravitude para explicar como se pode restablece-lo cambio. Espartaco no ano 73 a. C. fuxiu dunha escola de gladiadores, acaudillou un levantamento en Capu e refuxiouse no Vesubio, onde conseguiu reunir un gran número de escravos cos que en menos dun ano derrotaría a dous exércitos romanos e devastaría o Sur de Italia. Non quedaron aí os seus esforzos e méritos, xa que un ano máis tarde conseguiría derrotar outros tres exércitos e acada-la Galia Cisalpina. Finalmente será derrotado por Licinio Craso.

No poema “Da ruda pendente”²² volve incidir sobre a fatalidade que implica a servidume e a escravitude, encarnada outra vez en Mesenia e nos hilotas. Os hilotas²³ e os parias²⁴ son reiteradamente mencionados por Pondal sempre con esta mesma connotación de servilismo e sometemento.

*Así como cousas
da boa Zernagora,
dos oprobios da serva Mesenia,
dos parias e dos ilotas.*

*Dos servos da gleba,
dos pobos ignaros;
de nobres vinganzas
do rudo Espartaco;
¡da fatal servidume da terra
dos eidos escravos! (vv.13-22)*

O topónimo Zernágora, segundo Carballo Calero, xunto con Boyana, son “nombres exóticos que designan lejanos lugares, aunque europeos, evocados simpáticamente como la Grecia de Botzaris o la Irlanda de O’Connel, por el bardo de Brigandsia, en tanto que modernos hogares del nacionalismo”.²⁵

No seguinte poema, “As almas escravas”²⁶, non hai ningunha referencia clásica explícita, (se omitímo-la mención ós ilotas, anteriormente comentada), pero si implícita.

*As almas escravas,
de ideas non grandes,*

22. *Op. cit.*, p. 176.

23. Os Hilotas pertencían ó estado, que por si só tiña o dereito de manumisitilos (liberalos), pero eran asignados a cidadáns particulares para face-lo traballo da casa e da terra. Non tiñan dereitos políticos e estaban sometidos ós particulares e ó Estado.

24. Os Parias eran entre os hindús brahmáns as persoas de caste infima, privadas de tódolos dereitos relixiosos e sociais.

25. *Historia de la literatura contemporánea. cit.*, p.279.

26. *Op. cit.*, p. 145.

*van pensando mil cousas femíneas,
molentes e infames.*

*Mil soños forxando,
que o ánimo agobian:
Arrastrando infamantes cadeas,
cal brandos ilotas.*

*Espíritos brandos,
espíritos muliebres
(...)
Mais a alma do bardo,
enérxica, ousada,
que audax libertase
tan soo soña e ama,
¡vai pensando en propósitos férreos
que ergueran a patria!*

Ademais de se entroncaren nel case a totalidade de temas sobre os que xira toda a obra de Pondal: o helenismo, a exaltación do bardo e o civismo, aparece un novo tema: o tratamento e o papel que Pondal lle confire á muller nos seus poemas, que como poderemos ver, na maioría dos casos está moi preto da concepción que tiñan os gregos sobre a mesma.

Nas tres primeiras estrofas, únense os dous primeiros. A escravitude -simbolizada nos ilotas- é comparada cos pensamentos e accións inferiores e viles, os cales á súa vez definen á muller. Todo isto para na última estrofa conseguí-lo contraste a partir da exaltación dos valores do barbo e, unha vez máis, presentalo coma o redentor da patria.

Respecto da posición que ocupa a muller na obra pondaliana correron caudalosos ríos de tinta. É un aspecto que non deixa indiferente ós seus lectores nin ós estudiosos da súa obra.

O carácter introvertido, reservado, pouco viaxeiro, tímido e case sempre en soedade, fixo que en numerosas ocasións se atilase ó poeta de asceta. Ascetismo que se plasma nun claro desprezo por todo aquilo desprovisto de sublimidade, altivez e importancia moral e social. Eduardo Pondal, dentro da súa ética de virilidade primitiva, non só desprove á muller destas calidades, a concibe como un ser inferior e portadora de tódolos valores máis débiles do ser humano, senón que chega incluso ó limite de presentala como presa do home, sometida á forza e vontade deste.

Esta concepción ten as súas orixes no pensamento grego; recordémo-la concepción hesiódica de Pandora (ideada por Zeus para vingarse de Prometeo), e dende aí concibida como a discordancia entre homes e deuses²⁷. Ó longo de moito tempo asistiremos na literatura e na propia vida social á presentación do par antagónico: home-muller, encarnando o positivo e o negativo respectivamente. O sistema de valores grego ficou construído a partir dos

27. Cf. Hesíodo, *Teogonía*, 71 ss.: *Trabajos y días*, 60 ss.

valores propios do mundo dos homes. A muller xogou sempre un papel secundario e á hora de caracterizala fíxose unicamente pola súa beleza, castidade, fidelidade e goberno da casa.

Poderíamos dicir que Ponal, neste senso, segue fielmente a liña heroica de Tirteo onde non hai cabida para a muller, xa que viría a entorpece-la carreira dos fortes e valorosos guerreiros. No noso poeta viríase a interpoñer na loita do bardo por conseguí-la redención do seu pobo.

Para comentármolos dous últimos poemas nos que atopamos referencias ó clásico, neste caso á mitoloxía grega, e nos que aparece a muller como protagonista, queremos comezar citando textualmente ás autoras dun artigo titulado “Ponal e a muller”:

“...existen abondosos poemas que falan da muller, esta non ten un papel en si mesma. Non existe máis que idealizada na mente do Bardo ou como un feito de natureza do que o home se apropia. A muller, pois, non se realiza na poesía ponaliana, o que encaixa coa ética viril e coa masculinidade radical da súa poética”.²⁸

Situámonos neste caso ante a idealización da muller. Agora o feminino Ponal váinolo presentar como o doce e o amable.

O primeiro titúlase “Paroleira anduriña”²⁹

*Paroleira anduriña,
sobre o balcón pousada,
sinxela viaxeira,
chea de doce gracia,
do rei Tereo esposa,
triste da antiga mágoa:*

*suspende, ¡oh!, vaga Progne,
túa queixosa charla;
(...)
Non turbes da fermosa
a sosegada cámara
(...)
¡oh! Permite que durma,
do amor fatigada (vv 1-18)*

Destes catro últimos versos perfectamente se podería falar dunha lírica amorosa, que en palabras de Carballo Calero segue ademais unha liña romántico-trobadoresco³⁰. Preséntasenos a muller idealizada, abandonando toda carga negativa e dando paso á sensualidade e tenrura que suscita a fermosa tombada nunha cama e cansada de amor.

Para chegar a esa descrición bota man da famosa lenda que protagonizaron as dúas fillas do rei ateniense, Pandión. A paroleira anduriña é, como sabemos, Procne que casou con

28. I. Pérez Pintos e C. Taboada, “Ponal e a muller”, *A festa da palabra silenciada*, nº 1, 1983, p.11.

29. *Op. cit.*, p. 67.

30. *Historia de la literatura contemporánea*, cit., p. 301.

Tereo, rei de Tracia e fillo de Ares, como premio á victoria que acadou Tereo na Guerra de frontras entre Pandión e o tebano Lábdaco. Tereo aínda que casou con Procne e tiveron un fillo, Itis, de quen verdadeiramente estaba namorado era de Filomena, a súa cunhada, a cal violou, cortándolle a lingua para que non revelase o segredo. Cousa que non conseguiu, pois bordaría nunha tela a súa desgracia para que a súa irmá se decatase. Cando así aconteceu, Procne inmou o fillo de ámbolos dous e serviullo no prato a Tereo. Cando este se deu contra foi á súa procura para acabar coas súas vidas; elas pregan ós deuses que as salven e estes transfórmanas en andoriña e reiseñor. Xeralmente dise que á que converteron en andoriña foi a Filomena e en reiseñor a Procne; hai outras versións, unha delas inverte a transformación: Filomena en reiseñor e Procne en andoriña. Esta é a elixida por case tódolos poetas romanos, e tamén a que elixe o noso poeta.

No segundo poema deste bloque e último da obra *Queixume dos pinos* que contén algunha alusión ó mundo helénico ou romano, “Aquela miña leda compañeira”³¹, a idealización da muller aínda se fai máis explícita, xa que nel é o propio poeta quen se sitúa como presa en cativerio polas belas calidades femininas. Neste poema poderíase incluso falar de certo platonismo na expresión dos sentimentos amorosos cara a muller.

*Aquela miña leda compañeira
presurosa e lanzal;
aquela doce meiga,
graciosa e sin par,
que sempre me seguía
pola agreste soedá;
(...)
unhas leves sandalias
(...)
que desde o calcañal,
as pernas, como a Dafne, lle tecían
con gracia singular. (vv 1-20).*

A referencia clásica, neste caso descansa na figura mitolóxica de Dafne; é curioso ver como axilmente o poeta inverte os papeis, xa que neste poema é a muller (a súa compañeira) o que o persigue a el cando Dafne era a ninfa amada e perseguida por Apolo que pediu ó seu pai (segundo as distintas versións, pode ser o río Landón ou o río tesalio Peneo) que a salvase, o cal conseguiu converténdoa en loureiro.

Vemos pois que, Eduardo Pondal non nos remite ós clásicos simplemente como mostra do seu amplo coñecemento deste mundo; con simples pretensións eruditas, como en ocasións se lle ten atribuído. Non nos recrea coas fazañas destes heroes con meros propósitos épicos

31. *Op. cit.*, p. 112.

para a súa lírica. Pondal trae ó século XIX os “fortes”, os “valentes”, “os grandes de propósitos férreos”, en definitiva ós que loitaron pola súa patria ata o punto de morrer por ela. E faino porque é como pretende que sexan os que ergan a súa patria, a súa Galicia, que se atopa submisa e durmida nun profundo sono do que ten que espertar.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

BERMEJO VARELA, J.C.; GONZÁLEZ GARCÍA, F. J.; REBOREDA MORILLO, S. *Los Orígenes de la mitología griega*, Ed. Akal, Madrid, 1996.

BOUZA BREY, FERMÍN A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade dunha revisión dos seus Queixumes, *A Nosa Terra*, ano IX, nº 208, 209, 210, 1925.

CARVALHO CALERO, RICARDO, *Versos iñorados ou esquencidos de Eduardo Pondal*, Pontevedra, 1961.

CARVALHO CALERO, RICARDO, *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1989.

CARVALHO CALERO, RICARDO, *Historia da literatura contemporánea*, Vigo, Ed. Galaxia, 1975, EDUARDO PONDAL, *Poesía*, (Estudio, cronoloxía e bibliografía por Xesús Rábade Paredes), A Coruña, Xuntanza editorial, 1990.

MADRID, M. *Misoginia en Grecia*, Valencia, ed. fundamentos, 1999